



Entrevistamos a...



Pablo Castro Girona
PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN
CULTURAL XAQUEDRUM

"Introducimos o xadrez nos colexios falando da importancia da reciclaxe"

[Ler máis...](#)

Entrevistamos a...



Jaime L. López Vázquez
SECRETARIO XERAL DA
CONFEDERACIÓN DE
EMPRESARIOS DE LUGO (CEL)

"Mejoramos la formación medioambiental de los empresarios lucenses"

[Ler máis...](#)

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións do complexo industrial

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora: exemplo de compromiso coa natureza

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia



A celebración deste evento xirou ao redor da problemática dos desperdicios alimentarios

Varios educadores medioambientais desprazáronse a concellos, centros escolares e centros comerciais de toda a comunidade para sensibilizar a poboación das nocivas consecuencias que trae consigo a xeración de residuos orgánicos.

[Ler máis...](#)

Multimedia



O autobús da familia Trebón non contamina!

[Ver o 13º videoconto...](#)

A campaña europea "Generation Awake" chega á súa última fase

[Ler máis...](#)

A newsletter de Sogama cumpre dous anos con 12 números editados

[Ler máis...](#)

Guía sobre os 3 erres

[Ler máis...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

Receta gañadora do concurso "Aprovéitade do que che sobra"

• Pudding de Roscón de Reis

[Ver receita...](#)

Eventos



Premios APROEMA 2014



Ciclo medioambiental no CEL



Terceira edición do Mercado da Estrela en Santiago



Xornada sobre emprego verde



Campaña de reciclaxe en centros comerciais



Ano Internacional dos Solos

[Máis eventos...](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...



Pablo Castro Girona
Presidente da A. C. Xaquedrum,
encargada de achegar o xadrez ás aulas
da provincia de Lugo

*"Un dos beneficios
do xadrez é que os
escolares se van
facendo máis
reflexivos"*

Mellora da comprensión lectora, do cálculo matemático e da capacidade de reflexión. Son algúns dos beneficios do xadrez, práctica que agora tamén conciencia sobre o medio ambiente aos escolares lugueses, grazas á colaboración de Xaquedrum e Sogama.

En primeiro lugar, presentemos a Xaquedrum. Que é, cando se crea, cal é o seu cometido e a que sectores de poboación se dirixe.

A Asociación Cultural Xaquedrum é unha entidade sen ánimo de lucro que naceu no ano 2006. Entre os seus principais obxectivos está fomentar o xadrez na provincia de Lugo e utilizar esta disciplina como unha ferramenta educativa e social. Na actualidade, as nosas campañas van dirixidas principalmente á infancia e á mocidade. Tamén loitamos para dar alternativas de lecer a sectores de poboación en risco de exclusión social a través do programa "Xadrelia". A día de hoxe, estamos dando clases a máis de catrocentos cincuenta alumnos semanalmente.

Que servizos ofrece a asociación en Lugo e provincia?

Temos unha escola deportiva en Lugo capital e impartimos clases en centros educativos de toda a comarca. Ao mesmo tempo, organizamos torneos, campamentos, campañas de promoción e actividades de tempo libre. Igualmente, participamos en torneos, tanto a nivel autonómico como a nivel nacional.

*"Utilizamos a disciplina
como unha ferramenta
educativa e social. Damos
clase a case 500 alumnos
cada semana"*

A práctica do xadrez trae consigo múltiples beneficios para a formación das persoas, resultando especialmente relevante no proceso educativo dos escolares. Que vantaxes destacaría desta disciplina?

O xadrez aporta innumerables beneficios. Nun estudo realizado en Alemaña observáronse importantes vantaxes, tanto na comprensión lectora coma no cálculo matemático. Ademais, debe terse en conta que o xogador está tomando decisións de forma permanente con cada movemento, permitiéndolle valorar as consecuencias das mesmas e aprender dos seus erros. Para min este é un dos principais beneficios. Aos poucos, os escolares vanse facendo máis reflexivos.

A UNESCO propuxo no seu momento introducir o xadrez como materia obrigatoria no currículo académico. Que lle parece esta proposta?

O Parlamento Europeo tamén recomendou o xadrez polos seus altos beneficios educativos e en España hai dúas propostas, non de lei, que se votarán neste primeiro trimestre do ano. A nivel estatal xa hai varias comunidades que o están levando a cabo en proxectos pilotos e cuns resultados moi positivos. Creo firmemente que, nun futuro a curto prazo, serán moitas as comunidades que o irán incorporando ao seu sistema educativo. A través desta actividade deportiva-educativa, os escolares van mellorando moitas competencias.

SEGUIR LENDO...

Entrevistamos a...

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación
de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en toda Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Desde hai anos manteñen unha liña de colaboración con Sogama e, no marco da mesma, lograron introducir a dimensión ambiental no seu labor. Como o conseguen?

Consideramos que é fundamental a concienciación social en materia de medio ambiente e, por iso, é un valor que fomentamos entre os nosos usuarios. Para logralo, implicamos aos voluntarios e fixemos unha visita ás instalacións de Sogama, o que nos permitiu coñecer de primeira man o funcionamento dunha planta de tratamento de residuos urbanos.

Nas campañas que levamos a cabo nos colexios – o ano pasado chegamos a máis de dous mil escolares-, ademais de introducilos na práctica do xadrez, falámoslles da importancia da reciclaxe e entregámoslles material didáctico sobre esta temática. Ao mesmo tempo, nos campamentos que organizamos, sempre intentamos promover actividades con material reciclado. Este ano, por exemplo, os alumnos fixeron pezas de xadrez con papel de xornal.

"A través da colaboración con Sogama, nos colexios xogamos falando tamén da importancia da reciclaxe"



Os alumnos de Xaquedrum fan pezas de xadrez con material reciclado

Con respecto aos plans para o 2015, que actividades prevén desenvolver para compatibilizar a práctica do xadrez coa protección do medio ambiente?

Desde o ano pasado estamos a desenvolver un material xadrecístico dirixido aos nenos e nenas. No 2015 queremos seguir nesta liña e crear dous caderniños máis, o que nos permitirá mellorar o nivel das clases. Ademais, queremos recompilar e producir material didáctico dirixido a profesores que estean interesados en introducir o xadrez nas aulas. Ao mesmo tempo, levaremos a cabo varios campamentos urbanos e un de verán. Tamén estamos preparando diferentes talleres onde se farán pezas de xadrez con material reciclado – tubos de papel hixiénico, cortizas de botellas, envases de iogur...- para empregar tanto na escola como nos campamentos. Coidamos que, deste xeito, logremos seguir fomentando a reciclaxe entre os nosos usuarios.

SUBIR

Entrevistamos a...

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Eventos

Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...



Jaime L. López Vázquez

Secretario General de la Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), cuya Fundación ha sido distinguida como uno de los mejores viveros de empresas de España

"Mejoramos la formación medioambiental de los empresarios de Lugo"

La Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) y Sogama firmaron un convenio de colaboración que tiene por objeto mejorar la formación de los empresarios y emprendedores lucenses en materia medioambiental. De esto, y de la trayectoria y proyectos tanto de la CEL como de su Fundación, hablamos con su Secretario General, Jaime L. López.

La Fundación Cajas de Ahorro (FUNCAS) sitúa la Fundación CEL entre los mejores viveros de empresas de España. ¿Cómo valoran esta distinción?

Muy satisfechos. Ahora que tanto se habla de emprendimiento, de su importancia para el futuro, y que estamos en lo que se ha dado en llamar una "burbuja emprendedora", es gratificante que se realice un estudio ponderado sobre este tipo de instalaciones, en las que se ponga realmente en valor el trabajo diario, de tutelaje y seguimiento al emprendedor. En realidad, más que una distinción, es una certificación y puesta en su justo valor de un trabajo que llevamos realizando muchos años, desde finales de los 90, antes de esa "burbuja", sin visibilidad y con la apuesta decidida y el apoyo de los empresarios de Lugo. Estos están comprometidos con el desarrollo futuro de la provincia, apuestan por

actividades de responsabilidad social corporativa, como es la del apoyo a futuros empresarios, de un modo sencillo y directo, sin ni siquiera la búsqueda de reconocimiento.

"Hasta ahora sólo desde nuestra Fundación se han tutelado 85 proyectos empresariales y asesorado, a través de su Agencia, a más de 900"

¿Tienen identificados los proyectos empresariales puestos en marcha en su vivero de empresas e inversión de los mismos? ¿Alguno ligado al medio ambiente?

Sí, hacemos un seguimiento y algunos de ellos son ya empresas muy consolidadas en la provincia, con una gran trayectoria y que incluso colaboran con

nosotros para que otros emprendedores salgan adelante. En cifras, y a modo de resumen, desde la Fundación CEL se han tutelado a través del programa de viveros de empresa a un total de 85 proyectos empresariales desde el año 1999. Estos supusieron una inversión inducida de 25 millones de euros y generaron unos 500 puestos de trabajo directos (6 de media por empresa). La tasa de supervivencia de las empresas que pasaron por esta incubación ronda en torno al 75-80%, menor que en años anteriores, debido al contexto económico actual, pero aún alta.

A mayores, es reseñable que la Fundación CEL es punto PAE y PIDi, y que atiende en asesoramiento, sin estar en incubación, a través de la Agencia de Empleo (en marcha desde 2001) una media de 60 proyectos al año en los últimos ejercicios, a pesar de las dificultades vividas con la crisis. Dicha media sobrepasaba los cien proyectos en años

SEGUIR LENDO...

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona

Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Eventos

Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

anteriores, lo que arrojaría una cifra de más de 900 proyectos atendidos desde el 2001 en esta área. Esto significa más de 1.300 emprendedores atendidos, más de 7.500 consultas generadas y más de 400 empresas puestas en marcha.

¿Qué servicios ofrece la Confederación de Empresarios de Lugo y cuál es el perfil de sus asociados?

La CEL es fundamentalmente una organización de representación y defensa de los intereses de los empresarios lucenses. Estamos para darles voz ante otras entidades públicas y privadas.

Además, respondiendo a las características propias del tejido empresarial de la provincia, conformado mayoritariamente por pymes y microempresas, ofrecemos los servicios esenciales que éstas nos demandan entre los que se encuentran información y asesoramiento jurídico, laboral, en materia de fiscalidad y de ayudas. También de cuestiones más específicas como prevención de riesgos laborales, comercio exterior o incluso comunicación, entre otros. Facilitamos, asimismo, formación a los empresarios y sus trabajadores y contamos con un servicio de orientación laboral, además de operar como agencia de empleo. A mayores, ofrecemos servicios específicos para emprendedores, especialmente a través de nuestra Fundación, porque entre nuestros objetivos está también el de fomentar que crezca el tejido empresarial de nuestra provincia. En nuestra [web](#) se puede acceder a información completa sobre nuestros objetivos y actividad.

El año pasado, la CEL y Sogama firmaron un convenio de colaboración en materia de formación ambiental. ¿Qué actuaciones han llevado a cabo hasta el momento y qué balance hace de las mismas?

El balance muy positivo. El objetivo era y es mejorar la formación medioambiental de empresarios, emprendedores y personas en situación de desempleo. Y se está logrando.

Por el momento ya hemos debatido sobre gestión de residuos, sobre las posibilidades del ecodiseño de cara al ahorro en las empresas y sobre las posibilidades de la agricultura ecológica, sector emergente a pesar de la crisis.

"Lograr un desarrollo equilibrado y respetuoso con el medio ambiente es un reto de futuro y, sin duda, un nicho de negocio para las empresas"

Diversos estudios apuntan a que el medio ambiente constituye un importante yacimiento de empleo. ¿Qué opinión tiene la CEL al respecto? ¿Qué futuro augura para este sector?

Sin duda se trata de un sector interesante para emprender y crear empleo. Más en una provincia como Lugo, de gran riqueza paisajística, agraria, marítima. Lograr un desarrollo equilibrado y respetuoso con el medio ambiente de los sectores vinculados a la tierra y al mar es un reto de futuro para la provincia y, sin duda, un nicho de negocio para las empresas que apuesten por ello.

¿Hemos superado lo peor de la crisis? ¿Cómo se visualiza la situación desde el ámbito empresarial lucense?

Parece que los datos macroeconómicos apuntan, efectivamente, a una mejoría. También las encuestas sobre confianza empresarial o, incluso, los datos de consumo. No obstante, creemos que esa recuperación aún no se nota a nivel de la economía real: todavía es necesario ver una efectiva creación de empleo, que fluya el crédito, y que creemos sinceramente que el cambio de tendencia es ya posible. De hecho, creer en que la mejoría es posible también ayuda a mejorar, así que toca ser optimistas.

SUBIR

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Mundo SOGAMA

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención de Residuos en Galicia

O evento tivo lugar entre o 22 e o 30 de novembro de 2014 e xirou ao redor da problemática dos desperdicios alimentarios.

A Semana Europea da Prevención 2014, promovida en Galicia pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama, saldouse, entre o 22 e o 30 de novembro, con máis de 3.400 persoas participantes de forma directa. A campaña tivo como obxectivo reducir a produción de desperdicios de alimentos, unha das grandes preocupacións da comunidade internacional polo seu impacto negativo a nivel ambiental, económico e social.

Varios educadores medioambientais ao servizo da iniciativa desprazáronse a concellos, centros escolares e centros comerciais de toda a comunidade para sensibilizar á poboación das nocivas consecuencias que trae consigo o elevado desperdicio de alimentos.

Moitos cidadáns ofrecéronse a participar nas enquisas de coñecementos e satisfacción, concluíndo que, en moitos casos, o aproveitamento da comida nos fogares é unha realidade por motivos económicos, preocupando a xestión que se fai da mesma nos grandes supermercados, hospitais e comedores escolares.

Aproveitamento de alimentos

Os educadores da iniciativa proporcionáronlle aos veciños algunhas claves



para mellorar a situación: planificar as compras, comparar prezos e calidades, non saturar a despensa nin a neveira, diferenciar claramente consumo preferente de data de caducidade, e reutilizar as cantidades sobrantas para a elaboración de novos menús.

Os participantes mostraron moito interese polo [sitio web da campaña "Aproveítate do que che sobra"](#), onde poden acceder á información sobre o desperdicio de alimentos, ás recomendacións e consellos para previlo e reduci-lo, e á posibilidade de que as vivendas unifamiliares que dispoñan de horta e/ou xardín poidan fabricar o seu propio compost a partir dos restos orgánicos.

SUBIR

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Eventos

Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



As bolsas son de papel reciclado

Sogama firma convenios con APE Galicia e o Centro Comercial Aberto Ourense Norte

Con estas colaboracións, a entidade cede 20.000 bolsas de papel reciclado para que as entidades distribúan entre os seus clientes.

Sogama asinou o pasado mes de novembro dous convenios de colaboración. Un coa Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE Galicia), José Ramón Caldas Martínez, e outro co do Centro Comercial Aberto Ourense Norte (AEON).

O obxectivo destas colaboracións é concienciar aos seus asociados e, polo tanto, a toda a clientela, sobre o negativo impacto ambiental que ten o uso indiscriminado de bolsas plásticas non biodegradables. Deste xeito, a entidade pública cederá un total de 20.000 bolsas de papel reciclado (10.000 a cada asociación) intentando así, substituír o uso das tradicionais bolsas plásticas, con serios prexuízos para o medio ambiente.

Cada cidadán consome unha media de entre 280 e 300 bolsas plásticas ao ano,

pero só o 10 por cento acaba depositadas no contedor amarelo de recollida selectiva para o seu posterior reciclado. Isto supón graves consecuencias sobre o medio natural.

Mensaxe no súper

En España preténdese regular esta situación coa Lei 22/2011, de Residuos e Solos Contaminados, que establece un calendario para a progresiva substitución das bolsas de plástico non biodegradables ata a súa total prohibición, prevista para 2018, dentro de tres anos.

Ademais, desde comezos deste mesmo mes de xaneiro, os supermercados están obrigados a incluír nas bolsas non biodegradables unha mensaxe alusiva aos efectos perniciosos que estas provocan no medio ambiente.

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Programa de compostaxe doméstica na Mariña lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade


Un compost de gran calidade na Mariña lucense

A calidade do abono producido pola Mancomunidade é excelente.

As análises científicas realizadas pola Universidade de Santiago de Compostela cualifican de "excelente" o compost obtido nos municipios da Mancomunidade da Mariña lucense. En total, tomáronse 24 mostras coas que os técnicos avaliaron, entre outros, parámetros como pH, humidade, relación carbono/nitróxeno e nutrientes, estando todos eles dentro da normalidade. En relación ás porcentaxes de humidade, estas resultaron un pouco elevadas debido a que a recollida de abono se realizou en época de chuvias intensas.

Tendo en conta a baixa presenza de metais pesados, o compost foi cualificado como clase A, ao tempo que valores de cobre, zinc, cadmio, plomo, cromo e níquel cumpren cos límites establecidos polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

A principios do ano pasado Sogama e a Mancomunidade da Mariña acordaron levar a cabo un proxecto de compostaxe doméstica co fin de que os seus 15 concellos puidesen comprobar os beneficios ambientais e económicos da mesma. Así, repartíronse máis de



medio milleiro de composteiros en vivendas, ofrecéndolles a oportunidade de fabricar o seu propio abono natural e utilizalo como fertilizante nas súas hortas e xardíns.

Boa acollida

Tal e como se recolle agora no informe, a participación e a motivación da veciñanza no proxecto foi moi elevada. Tamén foi importante a implicación das corporacións locais e o labor dos seus técnicos, o que favoreceu o correcto desenvolvemento da iniciativa.

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

[SUBIR](#)

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



O curso é online e dura 2 meses

Medio cento de axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Durante dous meses, realizarán un curso en liña para coñecer máis sobre o modelo de tratamento de residuos de Sogama.

No marco da colaboración da entidade pública co Instituto Armado, preto de medio cento de axentes da Garda Civil de Galicia comezaron o pasado 12 de xaneiro o curso de formación en liña que leva por título "A xestión de residuos urbanos no modelo Sogama".

O obxectivo desta actividade é dar a coñecer máis esta temática así como o cometido da empresa pública na nosa comunidade. Ademais, tal e como manifestou o presidente de Sogama, Luís Lamas, "pretendemos aproximarnos aos Corpos de Seguridade para que coñezan con máis detalle o noso labor e nos axuden a facer fronte á problemática que entraña o lixo, da que todos os cidadáns, sen excepción, somos res-

ponsables, debendo asumir as nosas obrigas no marco da lei".

Temática do curso

O curso, que terá unha duración aproximada de dous meses, estrutúrase en dez temas. A través dos mesmos, abórdanse aspectos de interese tales como a normativa vixente na materia, o principio comunitario dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), a compostaxe doméstica, a infraestrutura industrial da compañía pública e a educación ambiental. En paralelo, dous técnicos ao servizo de Sogama encárganse das titorías, solventando as dúbidas dos alumnos, introducindo debates e facendo un seguimento das noticias de actualidade vinculadas ao obxecto de estudo.

SUBIR

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña Lucense

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



O grupo de policías locais fixo un percorrido polas instalacións de Sogama

Visita da Policía Local á empresa de reciclaxe

O percorrido polas instalacións do complexo foi a última parte do curso en liña "A xestión dos residuos urbanos no modelo Sogama".

Máis de medio cento de policías locais realizaron o pasado 13 de xaneiro un percorrido guiado pola infraestrutura central da empresa pública de xestión de residuos a fin de coñecer e comprobar o seu funcionamento. Os asistentes coñeceron de primeira man a planta de clasificación de envases, a de elaboración de combustible, a de coxeración e a termoeléctrica.

Esta visita tivo lugar no marco dun curso de formación en liña que, baixo o título de "A xestión de residuos urbanos no modelo Sogama", a entidade dirixiu a este colectivo a finais do pasado ano, trala firma dun convenio coa Academia Galega de Seguridade.

Atendidos por técnicos de Sogama, recibiron unha charla na que se contemplaron as cuestións de maior interese recollidas no temario. Deste xeito, a xornada foi aproveitada para solventar dúbidas pendentes e facer unha valoración conxunta do curso por parte de todos os participantes, comprobando a súa proxección, utilidade e rendibilidade.

Diplomas

A entrega de diplomas tivo lugar igualmente nas dependencias do complexo medioambiental de Cerceda, contando coa participación do Director Xeral da AGASP, Luís Menor.

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña Lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Eventos

Receitario

[SUBIR](#)

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



Sogama publica unha guía sobre agricultura ecolóxica

Seguir uns consellos básicos permitirá incrementar a produtividade do solo cun mínimo impacto sobre a contorna máis inmediata.

Despois de máis de tres anos traballando no ámbito da compostaxe doméstica, Sogama quere impulsar a agricultura ecolóxica polos seus beneficios medioambientais e para a saúde, así como polo seu baixo custo económico e enerxético.

Por este motivo, a entidade decidiu publicar unha guía, a disposición na [páxina web](#), para que os interesados poidan mellorar a produción das súas hortas conforme aos parámetros da agricultura ecolóxica. Esta persegue incrementar a produtividade do solo de forma natural e co mínimo impacto

sobre a contorna, garantindo a sostiabilidade a longo prazo.

O documento proporciona as claves para obter cultivos saborosos e de alta calidade e poder nutritivo, evitando o uso de fertilizantes artificiais. Deste xeito, a guía aborda todas as técnicas e procedementos a seguir para asegurar unha produción ecolóxica coas máximas garantías.

Contidos

Así, proporciónanse claves sobre os tipos de solo, os sistemas de rego, a planificación da horta, a preparación das sementes, as asociacións e rotacións de cultivos, as técnicas de fertilización e as aplicación de compost e outros abonos orgánicos. Así mesmo, no manual tamén se aborda un tema moi interesante para os agricultores ecolóxicos como son as pragas e enfermidades. O documento conclúe cunha serie de fichas de cultivos.

SUBIR

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña Lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora: exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



“Un partido polo planeta”, un divertido e xigante xogo sobre o medio ambiente

A ferramenta didáctica está pensada para que os máis cativos tomen conciencia da importancia de coidar o medio que os rodea.

A Sociedade Galega do Medio Ambiente acaba de lanzar o seu propio xogo medioambiental: “Un partido polo planeta”. Dirixido a alumnos de Educación Primaria, o obxectivo da iniciativa é que estes tomen conciencia da importancia que ten a protección da contorna para gozar dun maior benestar e calidade de vida.

O proxecto aposta por difundir a problemática que entraña a alta produción de lixo nas sociedades modernas e a importancia que ten a correcta separación dos refugallos para propiciar o seu posterior reciclado. Así mesmo, prima a interiorización de valores como a diversión, o

compañeirismo, a complicidade, a empatía, a superación, a convivencia, o respecto e a solidariedade.

Dinámica

En formato xigante, o xogo estrutúrase en pezas ecolóxicas, resistentes e lixeiras, facilmente montables e transportables, e está pensado para que poida desenvolverse en múltiples espazos.

A fin de completar o itinerario, os xogadores deberán superar unha serie de probas de coñecementos, habilidades e talento. Gañará o equipo que antes chegue á meta.

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña Lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Premios escolares “Separemos ben, reciclaremos mellor”

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Eventos

Receitario

[SUBIR](#)

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Explicación na carpa
informativa

Convócanse os premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O prazo para que os centros presenten as súas propostas remata o próximo 27 de febreiro.

A campaña autonómica de corte educativo "Separemos ben, reciclaremos mellor" 2014-2015 xa convocou os seus premios escolares, aos que poderán presentar as súas candidaturas todos os centros galegos de Primaria e Secundaria. Teñen de prazo ata o 27 de febreiro.

O obxectivo é animar aos alumnos a realizar unha obra de arte con materiais de refugallo, dando renda solta á súa imaxinación. Serán os propios colexios os encargados de elixir a obra que os represente, debendo remitir á organización un máximo de cinco fotografías da mesma, así como unha breve explicación do proceso de elaboración e materiais utilizados. No seguinte enlace pódense consultar as [bases do concurso](#).

Parada nos colexios

Máis de 6.500 alumnos de centros escolares de toda Galicia participaron nos meses



de decembro e xaneiro na campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor". Os educadores da iniciativa, promovida pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama, son os encargados de explicarlles as boas prácticas vinculadas á correcta xestión dos residuos urbanos.

A redución en orixe, a reutilización, a axeitada selección de materiais e o seu posterior depósito nos distintos contedores de recollida selectiva, constitúen unha prioridade nas actividades a levar a cabo nos centros. Con isto, preténdese que os alumnos leven a cabo unha tarefa educativa na súa contorna familiar e social máis inmediata. Nas xornadas, tamén se fala do programa de autocompostaxe liderado por Sogama e que xa está implantado en diversos centros escolares, posibilitando que a materia orgánica procedente dos comedores sexa transformada en compost, un abono natural con magníficas propiedades para o chan e co que poderán fertilizar hortas e xardíns.

[SUBIR](#)

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

O colexio ourensán Divina Pastora: exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



A horta ecolóxica cóidase dúas veces por semana

O colexio Divina Pastora – MM Franciscanas, un exemplo de conducta a seguir

Os alumnos do centro ourensán traballan en diversas actividades enmarcadas na iniciativa “Recíclate con Sogama”.

O CPR Plurilingüe Divina Pastora-MM Franciscanas de Ourense constitúe todo un exemplo a seguir no ámbito medioambiental. Os alumnos foron bautizados co nome de “Ecovixiantes” e o seu lema é “Todo serve para todo”.

Desde hai máis de quince anos, o centro participa no programa Voz Natura e este curso académico forma parte da iniciativa educativa “Recíclate con Sogama”, que ten por obxecto promover a recollida selectiva nos centros escolares, facendo da reciclaxe un hábito cotiá entre alumnos e profesores.

Entre as achegas que os estudantes deste centro realizan a “Recíclate con Sogama”, destaca a horta escolar ecolóxica de Oira, próxima á cidade de Ourense. Programan saídas os martes e mércores e contan co asesoramento de especialistas na materia.

Invernadoiros de botellas

Na actualidade están fabricando dous pequenos invernadoiros nos que utilizan botellas plásticas de auga para cubrir a armazón. A principios do próximo ano, a súa previsión é construír outro invernadoiro xigante no que empregarán 2.000 botellas.

Cultivan rábanos, leitugas, tomates, fresas, grelos e produtos de tempada. A colleita destínana íntegramente á cociña económica ou ao banco de alimentos, todo un xesto de solidariedade cos máis desfavorecidos.

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña Lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental “Un partido polo planeta”

Premios escolares “Separemos ben, reciclaremos mellor”

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

[SUBIR](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Multimedia



Planeta Verde (13º capítulo): O Bilibus non contamina!

[Ver vídeo...](#)

Os nosos amigos galácticos non poden solucionar a avaría da súa nave para continuar a viaxe. Menos mal que acoden ao sabio profesor Uxío para pedirlle axuda! Este amósalles un autobús que non contamina, feito de pezas usadas. O "bilibus" non leva gasolina. Sabes como funciona? Descúbreo!

"Generation Awake" chega á súa última fase

A economía circular é o eixe do final desta campaña de ámbito europeo que se desenvolverá ata o próximo mes de marzo.

"Generation Awake" é unha campaña creada pola Comisión Europea en 2011 para difundir un estilo de vida orientando a facer máis con menos. O obxectivo é abandonar o hábito de "usar e tirar", contribuíndo ao aforro de auga e enerxía, así como á redución de residuos.

A iniciativa diríxese ao público en xeral, especialmente a aquelas persoas entre 25 e 40 anos, ás que invita a reflexionar sobre os seus hábitos de consumo e as consecuencias que teñen sobre o medio ambiente. Durante 2014, a campaña prestou máis atención á xestión sostible do lixo, un

dos elementos clave para lograr os obxectivos da economía circular, constituíndo esta o eixe da última fase que se desenvolverá ata o vindeiro mes de marzo.

"Generation Awake" ofrece recursos multimedia para incrementar os coñecementos e a formación da cidadanía na materia. É o caso da súa [páxina web](#) e a [comunidade en Facebook](#). Tamén dos vídeos, que conseguiron un grande éxito na rede. O máis [recente](#) foi reproducido 6 millóns de veces en 2014, gañando tamén o premio Delfín de Ouro na 5ª edición dos Cannes Corporate Media & TV Awards.

Finalmente, co fin de achegar aos cidadáns as mellores prácticas ambientais, a campaña ofrece unha [guía de consumo](#), dividida por categorías, con consellos que axudan a comprender o impacto dos comportamentos diarios sobre o medio ambiente.

SUBIR

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Eventos

Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)



Síguenos en...



www.sogama.es



Multimedia

A newsletter de Sogama cumpre dous anos

En decembro enviouse o número doce desta publicación online.

Tras publicar a número 12, o pasado mes de decembro, a newsletter de Sogama cumpriu dous anos coa satisfacción de ter unha excelente acollida entre grupos destacados da sociedade galega. É o caso dos departamentos da Xunta de Galicia, empresas públicas e privadas ligadas ao eido medioambiental, profesionais do sector, centros escolares, asociacións e medios de comunicación, entre outros.

Esta revista dixital ten carácter bimensual e difúndese entre diversos colectivos sociais. Ademais, está a disposición de todos os interesados a través da páxina web www.sogama.es.

A publicación en liña segue sempre a mesma estrutura. Comeza con entrevistas a persoas relacionadas coa xestión de residuos, para dar paso a "Mundo Sogama", onde se resumen as novas corporativas, o apartado "Multimedia" achégase ás novas tecnoloxías mentres que a "Axenda" recorda as datas sinaladas no calendario verde, así como eventos relevantes nos que Sogama participa. Finalmente, relacionado coa preocupación da empresa por minimizar os desperdicios de alimentos, propóñense receitas elaboradas con sobras de comidas.



Unha guía dixital sobre os 3 erres

O manual foi editado pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama

A publicación, en formato dixital, saíu á luz no Nadal de 2011, época na que se acrecenta o consumismo mal entendido e se deixa en segundo plano a preocupación medioambiental.

A partir do principio europeo dos 3 erres, nesta guía profúndase nas boas prácticas da redución, a reutilización e a reciclaxe, achegando consellos e recomendacións para que os cidadáns as leven á práctica con garantías.

Tamén se reserva un espazo para a compostaxe doméstica, polas vantaxes que esta supón a nivel ecolóxico e económico. A día de hoxe, Sogama xa repartiu preto de 4.000 composteiros entre concellos, centros escolares e colectivos sociais.

A guía finaliza cunha serie de conclusións que lembran a importancia da educación, tendo en conta que os adultos de hoxe constituén o exemplo a seguir para as xeracións vindeiras.



Descarga aquí a guía

SUBIR

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña Lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Eventos

Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

A asociación APROEMA entregou os II Premios de Medio Ambiente a dez entidades



O pasado mes de novembro a [Asociación Profesional de Empresas Medioambientais](#) (APROEMA), da que forma parte Sogama, entregou os seus Premios de Medio Ambiente 2014.

O xurado avaliou as distintas propostas tendo en conta o impacto social das campañas desenvolvidas, a innovación da iniciativa e a continuidade da mesma no tempo. Deste xeito, os galardoados foron o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental

de Galicia (CEIDA) e o Concello da Coruña (categoría Entidade pública), Confemadera Galicia (Entidade privada), Revertia (Empresa) e a Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con e o C.R.A. Monterrei (Centros Educativos).

Ademais, outorgáronse catro Accésits, que recaeron na Autoridade Portuaria de Vigo (Entidade pública); Unións Agrarias-UPA (Entidade privada); CEIP Manuel Masdías de Ferrol (Centro educativo) e Teimas (Empresa).

Terceira edición do Mercado da Estrela en Santiago

O pasado 6 de outubro conmemorouse o Día Mundial do Hábitat, co que se pretende facer reflexionar sobre o estado das vilas e cidades, así como sobre o dereito a unha vivenda digna.

Cada ano a temática deste día é diferente, sempre promovendo o desenvolvemento sostible e un maior benestar para a poboación. Nesta ocasión elixiuse "Voces dos barrios pobres", un tema que fixa a atención nas persoas que viven en asentamentos informais xa que o obxectivo era dar a coñecer as lamentables condicións de vida nalgunhas zonas do planeta. Os datos son desalentadores, pois 1,6 mil millóns de persoas viven en vivendas sen instala-



cións de saneamento e sen seguridade. Ademais, estímase que a cifra de habitantes en infravivendas medrará ata os dous mil millóns en 2030.

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos



Campaña de reciclaxe en centros comerciais

A campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor", promovida pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama, achegouse este Nadal a diferentes centros comerciais de Galicia para informar e formar a cidadanía na correcta xestión de residuos urbanos.

A campaña estivo presente no centro comercial "As Termas" de Lugo a finais de decembro e, xa en xaneiro, primeiro en "Área Central" de Santiago de Compostela e, despois de Reis, no "Odeón Dolce Vita" de Narón. No stand da ini-

ciativa, os educadores ambientais explicaron aos transeúntes o principio dos 3 erres (reducir, reutilizar e reciclar).

Os monitores aproveitaron estas xornadas para dar a coñecer o programa de compostaxe doméstica promovido por Sogama. Na provincia de Lugo atópanse xa adscritas medio cento de entidades, entre as que se repartiron preto de 2.000 composteiros. Ao programa tamén se uniron varios concellos das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.



A CEL celebrou unha xornada sobre agricultura ecolóxica

No marco do convenio de colaboración entre a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) e Sogama, o pasado 22 de xaneiro celebrouse a xornada "Agricultura ecolóxica: concepto e proxección".

O encargado de impartir a xornada foi o director técnico da empresa lucense Agronovo, Rafael Rivadulla. Na súa intervención abordou as particularidades e obxectivos da agricultura ecolóxica, que pasan por manter a produtividade do solo e do cultivo a través da dotación de nutrientes axeitados para as plantas e o control dos parásitos ou enfermidades, sen agredir a contorna nin aos consumidores.

Os asistentes foron obsequiados cunha [guía sobre agricultura ecolóxica](#) editada por Sogama e da que é autora, precisamente, a firma Agronovo.

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña Lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

CICLO DE XORNADAS
MEDIOAMBIENTAIS

GALICIA E A ECONOMÍA SOSTIBLE

SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA
DO MEDIO AMBIENTE

ED
Economía Digital

@EcD_Galicia
#GSostenible

“O EMPREGO VERDE”

O futuro pasa polo emprego verde

O pasado 27 de xaneiro tivo lugar na sede de Afundación en Vigo un ciclo de conferencias sobre emprego verde, aquel que reduce o impacto ambiental negativo das empresas, promovida polo diario Economía Digital e Sogama.

No acto entrevistou Víctor Viñuales, cofundador e director de Ecoloxía e Desenvolvemento da Fundación Ecodes. Esta é unha organización que busca a concienciación cidadá no eido da sostibilidade, así como a colaboración entre entidades públicas e privadas no coitado do medio ambiente. Tamén participou Miguel Varela, CEO da empresa galega Teimas Desenvolvemento SL, compañía de base tecnolóxica que traballa neste ámbito.

O emprego verde representa no noso país un 2,2 por cento do emprego total e xera 25.000 millóns de euros ao ano, o que supón un 2,4 por cento do PIB español. Distintos organismos ven neste modelo produtivo unha opción para combater a taxa de paro. Neste sentido, diferentes informes estiman que se poderían crear aproximadamente un millón de postos de traballo ata o 2020.

Sectores con máis posibilidades

Os sectores verdes que xeran máis emprego son, por esta orde, o da xestión de lixo seguido do das enerxías limpas e o do tratamento e depuración das augas residuais, así como o da agricultura e a gandaría ecolóxica.

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña Lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Receitario

[SUBIR](#)

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

A FAO chama a atención sobre a redución mundial da terra cultivable por persoa



2015
Ano Internacional
dos Solos

Os solos: unha base sólida para a vida

O 2015 foi declarado Ano Internacional dos Solos polas Nacións Unidas. O obxectivo desta efeméride é aumentar a conciencia da poboación sobre a importancia que os solos teñen para a seguridade alimentaria e as funcións ecosistémicas esenciais.

Segundo os expertos, a integridade dos nosos solos corre perigo. O ritmo de degradación é tal que ameaza a capacidade de satisfacer as necesidades das xeracións futuras. Neste sentido, a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) advirte que, de non adoptarse medidas contundentes, a superficie mundial de terra cultivable e produtiva por persoa equivalerá

en 2050 a só unha cuarta parte do nivel de hai 25 anos (1960).

Unha clave: a compostaxe

A compostaxe doméstica foi a iniciativa máis relevante que Sogama puxo en marcha para contribuír a preservar a integridade do solo. De feito, logrou implantar o seu programa en 120 entidades, procedendo ao reparto de aproximadamente 4.000 composteiros.

Con esta iniciativa, as familias participantes logran obter un abono natural de alta calidade que cumpre con todos os requisitos legais para ser empregado na agricultura coas máximas garantías.

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

[SUBIR](#)

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Receitario

Pudding de Roscón de Reis, receita gañadora do concurso "Aprovéitade do que che sobra"

Esta deliciosa sobremesa foi a gañadora do concurso da iniciativa "Aprovéitade do que che sobra". A autora da receita, Mónica Sandoval dos Ramos, veciña de Verín (Ourense), poderá gozar dunha fin de semana na Mariña lucense, ademais de dous

días de clase de stand up surf e kitesurf. O xurado non o tivo fácil para decidir entre todas as propostas enviadas pois todas a eran de gran calidade, orixinais e empregaban unha importante porcentaxe de sobras de comida na súa elaboración.

Pudding de Roscón de Reis

Nivel de
dificultade: 1 2 3

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 750 ml de leite
- 5 ovos
- 150 gr de azucre
- Cortiza de limón
- 100 gr de azucre para o caramelo líquido
- 400 gr de restos de roscón e uvas pasas (mellor sen pebidas)



ELABORACIÓN:

- Prequentamos o forno a 180°C e poñemos en remollo as pasas cun pouco de auga temperada.
- Despois, quentamos o leite coa cortiza de limón e, cando empece a ferver, baixamos o lume e deixámolo arrefiar 3 minutos. Apagamos e esperamos a que infusione outros 5 minutos máis.
- Cortamos o roscón en rebandas delgadas e metémolo nun bol. Retiramos a cortiza de limón do leite e engadimos á mesma os restos de roscón, mesturando amodo.
- Batemos os ovos co azucre e engadímosllos á mestura de leite e roscón, removendo para integralo todo ben.
- Facemos caramelo líquido nunha tixola a lume medio co azucre e un vaso de auga morna. Dámoslle voltas ata que colla unha cor dourada e con coidado de que non se queime.
- Depositamos o caramelo líquido nun molde e, sobre o mesmo, a mestura.
- Escurrimos as pasas, secámolas ben e repartímolos por riba sen necesidade de remexer.

PRESENTACIÓN:

- Colocamos o *pudding* nunha bandexa con fondo que poida ir ao forno e botamos auga ao seu redor (ao baño María). Cocinamos por espazo dunha hora. Unha vez feito, empratamos e servimos.

[SUBIR](#)

Entrevistamos a...

Pablo Castro Girona
Presidente da Asociación Cultural Xaquedrum

Jaime L. López Vázquez
Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Mundo Sogama

Máis de 3.400 persoas participaron na Semana Europea da Prevención en Galicia

Actualidade

Sogama colabora con APE Galicia e o CCA Ourense Norte

Programa de compostaxe doméstica na Mariña lucense

Axentes da Garda Civil fórmanse na xestión de residuos urbanos

Máis de 50 policía locais visitaron as instalacións da entidade pública

Publicación en liña sobre agricultura ecolóxica en Galicia

Xogo medioambiental "Un partido polo planeta"

Premios escolares "Separemos ben, reciclaremos mellor"

O colexio ourensán Divina Pastora, exemplo de compromiso coa natureza

Multimedia

Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es

